

MAX JACOB

Filibuth ou o reloxio de ouro

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

ALFRED

—Cando un neno leva doces na bolsa da merenda, non pide o comedor gratuíto —dicía a directora da escola da rúa Foyatier.

—Unha pastilla é un doce? E menos se é un neno enfermo!

—É o regulamento!

—Pois irei ao comisario e morra o conto! Parécelle educado falarlle así a unha viúva con catro fillos e mais unha sobriña?

—Se o neno está enfermo, presente un certificado.

—Entón irei onda Bretonneau. Vostede deulle uns zapatos a Brémontier, por que non llos deu a Alfred? Por non falar de que Alfred non é coma todos ese pillabáns insolentes. Aí..., pero, ben, prefiro esquecer o rancor! Non a molestei, ou si?

Os sorrisos máis agradables do alcohol obtiveron o que desexaban da directora, e noutra visita os choros.

Alfred era un aristócrata novo. O gardarroupa do señor Dur provocaba a súa admiración, e os seus libros, e a súa escritura. As comidas preparadas pola súa nai facíanlle anhelar outras mellores.

—Oh, terei quentura! —dicía unha tarde que o señor Dur pasaba pola garita da súa porteira—. Fai falla ser

perverso para me roubar o reloxo, pero peor para quen fose; heino matar a sangue frío! Dunha coitelada no corazón! Que entusiasmo, carafío! O reloxo de padre! Porque o herdeiro son eu... Por iso son digno de quedar co reloxo, polo meu título de primoxénito, non si?

—Señor Dur, que opina vostede? Cre que pode unha confiar nestes pequenos desbaldidores. Alice usa os meus pantalóns para secar a vaixela; Alfred colleu o reloxo de padre para levalo á escola ás agachadas da nai. Que idea abracadabrante, eh? E, claro, ripouullo un espelido. Eses rillotes son tan malos, tan indelicados..., é dicir, xaora..., eu que sei? E con esta dor de moas que teño...

Alfred, esbrancuxado e averdado, cos dentes apertados, pon a gorra, e a súa nai un chal negro.

—Que debilidade aparentar affixida dese xeito pola rúa! Pretendes que o saiban todas as mulleres da rúa? Non, se cando acaparas o sitio de honra es brillante!

—Tería que finxir que son doce e melosa? Dende cando mandan os nenos, malensinado?

Contemplaron os lugares pechados que foran testemuño da súa desgraza. Despois, a comisaría.

—Outra vez vostede, señora Lafleur! —dixo o señor Landrecies, comisario de policía da rúa Lambert—. Permita que non quite o sombreiro; teño dor de cabeza. A cabeza non para, señora porteira da rúa Gabrielle 105. Si..., a famosa señora Lafleur, a gran coqueta de Montmartre.

—Oh, señor comisario! Non nos detestamos, verdade? Entón..., é que..., pois mire, é o meu fillo Alfred, o máis vello dos cinco, ao que lle roubaron o reloxo na escola... Á parte da perda, é desagradable, porque se trata do reloxo do meu home. Ha, ha, ha! Quedeí pasmada... Non lle parece divertido?